



Expediente:2026/SUBDIREC/000016

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DA MEDIANA E PEQUENA EMPRESA (AEMPE) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE APOIO AO COMERCIO DURANTE 2026 (01/04/26-31/12/26)

Logo de examinar o expediente núm. 2026/SUBDIREC/000016, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

FEITOS

1.- Por providencia da Concelleira delegada, se ordena iniciar o expediente para outorgamento dunha subvención directa á Asociación Empresarial da Mediana e Pequena Empresa (AEMPE), CIF G36011278, tendo por obxecto a organización de accións de apoio ao comercio durante 2026.

2.- Xúntanse informes do servizo de Educación e Promoción Económica de 29/04/2026, 4/06/2026 e 18/06/2026, neste último se da conta das actuacións realizadas para adaptar a proposta ao reparo e observacións formuladas no mesmo.

3.- Xúntase informe da Asesoría Xurídica Municipal de data 31.05.26 e da Intervención Xeral de datas 11/06/2026 y 26.06.26.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- O artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG) no mesmo senso que o artigo 23.1 do antigo Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL), determina que poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan aos atribuídos á competencia local.

2.- Ao abeiro do establecido no artigo 3 da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos (OXS) aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17 de setembro de 2004 e publicada no B.O.P. nº 190 do 30 de setembro, son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto.

3.- O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas. Se ben as actividades referenciadas non encaixan como competencias propias, xa que entre as mesmas non se





inclúen as actividades de comercio, o artigo 25.2.i) LBRL refírese as feiras, abastos mercados, lonxas e o comercio ambulante ademais de que estas actividades fomentan o sector produtivo do concello e están orientadas e relacionadas co amplo abano de competencias propias que exerce o concello.

Segundo establece o artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos, posibilidade que regula tamén o artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 36 da Ordenanza de subvencións do Concello.

A este respecto, esta administración no seu Orzamento para 2026, contempla unha achega económica á **Asociación Aempe**, por importe de **23.000 euros**, para o desenvolvemento de actividades de accións de apoio ao comercio, expresamente prevista no orzamento na aplicación orzamentaria: **08.431.0-489.02**.

4. O Convenio de colaboración con **AEMPE** constitúe o instrumento polo que se canaliza a subvención prevista, concretándose o seu obxecto no establecemento dun marco de apoio entre as entidades asinantes para o desenvolvemento de actividades de promoción do comercio. O devandito documento contén, entre as súas estipulacións, o compromiso de realizar unha achega económica de **23.000,00 €**, contía que non poderá exceder do 50% do custe da actividade, segundo o artigo 5.g) da Ordenanza reguladora das subvencións do Concello.

5. O proxecto do convenio a subscribir axústase ao contido preceptuado polo artigo 40 da Ordenanza de subvencións do Concello, incluíndo a definición sinalada do obxecto da subvención, o réxime xurídico aplicable, o prazo de duración do convenio, os dereitos e obrigas das partes asinantes e o réxime de xustificación da subvención a cumprir polo beneficiario.

As estipulacións do documento convencional non conteñen previsións contrarias ao ordenamento xurídico estando, polo tanto, en consonancia co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006 e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A este respecto xúntase ao expediente o borrador do convenio que contén as bases reguladoras da axuda, e que recollen o contido mínimo previsto na normativa de aplicación, informándose de conformidade.

6. O artigo 19 da Ordenanza municipal de aplicación prevé que a xustificación do cumprimento da subvención realizárase mediante a presentación da conta xustificativa, debendo xustificarse os gastos mediante facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente.

7. Aos efectos de dar cumprimento ao artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012 do 27 abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co previsto na Base 51 das de execución do orzamento, únese ao expediente unha memoria económica que analiza o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

8. En cumprimento do disposto nos artigos 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no artigo 199.h) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, este expediente iníciase cunha memoria onde se xustifica a necesidade e oportunidade do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión e demais extremos establecidos na citada Lei 40/2015.

9. Con carácter previo á aprobación do outorgamento da subvención e á sinatura do convenio, emitíronse informe a Asesoría Xurídica Municipal e a Intervención Xeral Municipal, de conformidade co establecido no





art. 56.1.b) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal, e os artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004, que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

10. Os plans estratéxicos de subvencións (en adiante PES) veñen regulados no artigo 8.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, que establece que os órganos das administracións públicas deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O contido do PES ven determinado no Regulamento da LXS, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 17 de novembro. Segundo o artigo 12.3 do dito regulamento, os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas, establecendo que a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvencións.

Por decreto de data 27/01/26, declarouse iniciado o procedemento para a elaboración e aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para o período 2026/2028. Posteriormente mediante decreto de data 05.02.26, aprobouse o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para o período 2026-2028, documento co CSV 13H6TH2WGFKETG3O é no seu anexo figuran as fichas co detalle por liña de subvención de cada área competencial, segundo o contido establecido no artigo 12 do RXS, como Anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello 2026-2028, documento, entre as que se inclúe Fichas de subvencións por área competencial a liña de subvención, dentro da área de competencia de Promoción Económica, en Apoio a liña de subvención AEMPE: PROMOCIÓN COMERCIO LOCAL, cun custo de 23.000,00 €.

O PES municipal contemplou como obxectivo estratéxico, desta liña de subvención, dar a coñecer e analizar as necesidades de cada negocio, promover sinerxías e xerar novas oportunidades de negocio, dinamizar a vida comercial da cidade e potenciar a formación e a creación de emprego. Como liña específica prevé apoiar ao desenvolvemento económico da cidade a través da promocións comercial empresarial. Fomentar a participación social e a imaxe da cidade e mellorar a calidade de vida a través do pequeno comercio.

11.- De conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 88 do seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, poderán realizarse pagamentos anticipados de subvencións cando se prevexa nas bases reguladoras ou no instrumento de concesión, co fin de facilitar a execución da actividade subvencionada. Ademais cúmprese co disposto no apartado 3 deste mesmo artigo ao non constar resolución de procedencia de reintegro nin perda do dereito ao cobramento nin acordo de perda do dereito ao cobramento da subvención por ningunha das causas previstas na normativa de subvencións.

Así mesmo, segundo o previsto no artigo 9 e concordantes da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, poderá autorizarse o pagamento anticipado cando resulte





necesario para o desenvolvemento da actividade subvencionada, debendo xustificarse a súa necesidade por razóns de interese público, social ou económico, así como a imposibilidade de que a entidade beneficiaria poida adiantar os fondos necesarios.

No presente caso, consta no expediente a solicitude de anticipo do 30% da subvención, xustificada na necesidade de dispoñer de liquidez para afrontar gastos iniciais inaprazables vinculados á execución das actuacións previstas.

Non tense ditado resolución declarativa da procedencia de reintegro da subvención ou perda do dereito ao seu cobro por algunha das causas do artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e non foi acordada polo órgano competente da subvención, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario ou entidade colaboradora, referidos a mesma subvención.

De acordo co establecido na normativa aplicable e na propia Ordenanza municipal, os pagamentos anticipados poderán quedar exonerados da constitución de garantía cando a súa contía non supere o 30% da subvención concedida ou cando, polas características da entidade beneficiaria e da actividade subvencionada, así se xustifique.

En consecuencia, considérase procedente a autorización do pagamento anticipado solicitado, ao concorrer as circunstancias que xustifican a súa necesidade para a correcta execución da actividade subvencionada.

12. O artigo 189.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL) establece que os perceptores de subvencións concedidas con cargo aos orzamentos das entidades locais e dos organismos autónomos virán obrigados a acreditar, antes da súa percepción, que se encontran ao corrente das súas obrigas fiscais coa entidade, así como, posteriormente, a xustificala aplicación dos fondos recibidos e no mesmo sentido o artigo 40.2 da mesma norma determina que as entidades públicas outorgantes das subvencións poderán verificar o destino dado a estas. Se tras as actuacións de verificación resultase que as subvencións non foron destinadas aos fins para os que se concedesen, a entidade pública outorgante esixirá o reintegro do seu importe ou poderá compensalo con outras subvencións ou transferencias a que tivese dereito a entidade afectada, con independencia das responsabilidades que fose lugar. Nestes termos esta documentación completárase con aquela que, de maneira exemplificativa, recolle o artigo 12 da OXS.

13. A competencia para a concesión da subvención de forma directa, referente á axuda por este importe, corresponde a Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, no 124.4.n) da Lei 7/1985 e no 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. Así mesmo, as atribucións en materia de seguimento e impulso o que non alcanza a súa aprobación delegouse nas concellarías de goberno de cada area.

Así mesmo a aprobación do anticipo (recoñecemento da obriga e a ordenación do pago) é da Alcaldía, segundo o disposto no art. 185.2 do TRLRFL e artigo 13.ñ) do Regulamento Orgánico municipal, aprobado polo Pleno da Corporación o 21 de outubro de 2005, BOP nº 248 de 28 de decembro de 2005, competencia





delegada no concelleiro responsable da área Legal e Económica por Decreto de data 07/04/2026.

A vista do exposto, **RESOLVO**,

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención directa, a Asociación Empresarial da Mediana e Pequena Empresa (AEMPE), co CIF G36011278, para a organización de accións de apoio ao comercio durante 2026 , por un importe total de 23.000,00 €

SEGUNDO: Aprobar o gasto por importe de 23.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 08.4310.48902 do Orzamento municipal de 2026, correspondente á operación contable nº 12026000035993.

TERCEIRO: Prestar aprobación ao texto íntegro do convenio polo que se regula a subvención como anexo deste acordo, contido no documento co CSV: M0C89KUA5LTUIKVN.

CUARTO: Pola súa banda, en relación coa concesión do anticipo solicitado pola beneficiaria, unha vez asinado o convenio de colaboración, o Concelleiro da Área Legal e Económica poderá acordar o seguinte:

Primeiro: Recoñecer a obriga e autorizar o anticipo do 30% da subvención concedida para o primeiro ano á a Asociación Empresarial da Mediana e Pequena Empresa (AEMPE), co CIF G36011278, por importe de 6.900,00 €, en virtude do convenio de colaboración subscrito co Concello de Pontevedra, para o desenvolvemento dun programa de accións de apoio ao comercio durante a anualidade 2026.

Segundo: Ordenar o pagamento da dita contía con cargo á operación contable da aplicación orzamentaria que se sinala pola Intervención Xeral.

En Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

